



UNIDADE 2

Temos que falar

Remita os seus alumnos á fotografía da portadiña e pregúntelles: **Que relación credes que hai entre estas dúas persoas?** Cabe esperar respostas como: **son irmáns, son unha parella de namorados, trátase de dous amigos...**

Interésese logo por saber que tipo de situación cren que reflicte a imaxe (a rapaza quere darlle algunha noticia ao rapaz, están tendo unha discusión, o rapaz estalle facendo unha proposta á rapaza...). A continuación, lea en voz alta o título da unidade e pregúntelle á clase: **Quen credes que dixo esta frase, o rapaz ou a rapaza? Por que?**

Por último, preséntelles os obxectivos e a tarefa final da unidade: simular unha discusión de parella.

Temos que falar



comprender

1. ADOLESCENTES

Observar as fotografías de dous cuartos e decidir a quen pertence cada un. Ler e comentar un texto sobre os adolescentes galegos.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes: **Como eran os vosos cuartos cando erades adolescentes?** Logo, anímeos a comentalo en parellas e, despois duns minutos, leve a cabo unha posta en común na que cada parella expoña as cousas que tiñan en común e as que non.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que os cuartos que aparecen nas fotografías que ilustran esta actividade pertencen a dous adolescentes. Pídalles que as observen ben e que decidan cal pertence a unha rapaza e cal a un rapaz, sinalando todos os aspectos que motivaron a súa decisión. Cando terminen, propóñalles que comenten entre todos o que decidiron.

B. Convide os estudantes a leren individualmente o texto sobre os adolescentes galegos. Logo da lectura, pídalles que, outra vez en parellas, propoñan un título axeitado para o texto. A continuación, realice unha posta en común na que as distintas parellas presenten e xustifiquen a súa proposta.

C. Pregúntelles agora se están ou non de acordo coa información que ofrece o texto. Aproveite este momento para fomentar un debate na clase, pero modere as intervencións para que todos participen. Se observa que aos estudantes lles custa referirse á propia adolescencia de xeito natural, fágalles directamente as dúas últimas preguntas deste ítem: **Como foi a túa adolescencia? Sénteste reflectido?** Dea a actividade por rematada cando non quede ningún dos seus alumnos sen participar.

De todos os xeitos, se algún dos estudantes non desexa comentar aspectos persoais referidos ao tema, respecte a súa decisión.

2. O DIARIO DE VERO

Ler e comentar uns fragmentos do diario dunha adolescente.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

No ítem A pídeselles aos estudantes que valoren o grao de normalidade que teñen para eles algunhas accións e comportamentos dunha adolescente de trece anos. Se o considera necesario, repase con eles o funcionamento das estruturas: **a min paréceme +**

que + presente de indicativo; a min non me parece + que + presente de subxuntivo e é + adxectivo + que + presente de subxuntivo, que estudaron no nivel anterior.

Por outra banda, o grao de normalidade co que os seus estudantes valoran a vida de Vero seguramente virá determinado polo que é normal na súa cultura. Se traballa cun alumnado estranxeiro, fomenta a comparación do modelo ofrecido co do adolescente “prototipo” do país no que se atopan ou do lugar de orixe de cada estudante.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra **diario** e asegúrese de que os seus alumnos coñezan o significado que corresponde ao contido desta actividade.

A continuación, interésese por saber se os estudantes escriben ou escribiron algunha vez un diario. Pídalles, ademais, que comenten que tipo de información se adoita escribir nel.

PROCEDEMENTOS

Dígalles aos seus alumnos que Vero, a nena da foto, é unha adolescente galega de trece anos que está escribindo un diario. A continuación, remítaos ao texto e dígalles que van ler algunhas das súas notas.

Teña en conta que no texto os fragmentos se presentan seguidos, como se se tratase dun único texto, escrito nun só día. Antes de pasar á actividade proposta no libro, suxerímoslle que lles comente aos estudantes que as notas foron tomadas en dous días distintos e que lles propoña dividilas.

Solución (suxestión)

1.º día: de “Hoxe déronme as notas...” ata “chatear coas miñas amigas”.

2.º día: de “Hoxe fun patinar...” ata o final.

A continuación, pregúntelles cales das cousas das que di Vero lles parecen típicas nunha rapaza da súa idade e cales non. Indíquelles que o comenten en parellas ou en grupos de tres e, a seguir, leve a cabo unha posta en común para que se coñezan todas as opinións.

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese polo tema, promova un breve debate no que lles pregunte que outras preocupacións ou problemas adoitan ter os adolescentes. Asemade, pídalles que fagan unha comparación entre as inxerencias máis frecuentes dos adolescentes e as que adoitan ter os adultos.

Por outra banda, se traballa fóra de Galicia ou cun alumnado doutras procedencias, convide os estudantes a comentaren as cuestións máis comúns dos adolescentes do seu lugar de orixe.



3. ODIO MENTIRLLES AOS MEUS AMIGOS

Ler unha serie de opinións e seleccionar as que comparten. Reflexionar sobre estruturas para expresar intereses e sentimentos.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que marquen no cadro aquelas opinións coas que se sintan identificados. Dígalles que, se o desexan, poden escoller máis dunha opción sobre cada un dos temas abordados.

B. Anídeos a que comparen as súas respostas en parellas e, logo, a comentaren co resto dos compañeiros o seu grao de coincidencia.

C. Pídalles que volvan ao cadro de opinións da epígrafe A, que se fixen nas estruturas marcadas en grosa e que escriban cada unha delas na columna correspondente da táboa. A continuación, remítaos á epígrafe “Expressar intereses e sentimentos” da sección de gramática, na páxina 21.

Solución

Verbo + substantivo: *estou farto/a das relacións...; non me gustan as persoas...; encántanme as festas...; non soporto as viaxes...; horrorízame a xente...*

Verbo + infinitivo: *encántame facer...; non me gusta nada ter...; non me interesa facer...; apaixóname coñecer...; odio mentirilles...; dáme preguiza facer...; dáme medo viaxar...; fascínname coñecer...*

Verbo + que + subxuntivo: *non me importa que se esquezan...; séntame fatal que me minta...; non me gusta que me inviten...; séntame mal que marchen...; dáme moita rabia que alguén critique...*

D. Agora anime os seus alumnos a que alonguen a listaxe de opinións sobre o ámbito das relacións de amizade ou familiares. Para iso, cada un terá que escribir cinco frases expresando o que opina sobre outras situacións relacionadas con este contexto. Ofrezalles vostede un exemplo que se poida engadir á lista: **Encántame que me chamen o día do meu aniversario.**

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 93, exercicio 1 e 2.
Páxina 94, exercicios 3 e 4.
Páxina 95, exercicios 6 e 7.

4. ESTÁ ENFADADO?

Ler unha serie de frases, relacionalas cun debuxo e apuntar en que contexto ou con quen falou unha persoa en cada caso. escoitar as súas respostas e indicar con que situación se corresponde cada unha. Observar recursos para mostrar desacordo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A través dunha serie de mostras de lingua, os seus alumnos observarán algúns recursos para mostrar desacordo en galego. É importante que sexan conscientes de que existen diversas maneiras de facelo e que a elección dunha ou doutra por parte do falante dependerá de factores como a súa intención, a relación que ten co interlocutor (e, polo tanto, o grao de cortesía ou de formalidade esperable) ou a situación na que se atopa.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes como adoitan expresar desacordo en distintas situacións. Pode ofrecerlles, por exemplo, unha fotocopia do cadro da **ficha 2** e preguntarlles se contestan afirmativa ou negativamente as preguntas que se formulan na parte superior. A seguir, pídalles que lle engadan máis contextos ou exemplos e déalles uns minutos para que o fagan.

Logo duns intres, realice unha posta en común e aproveite para facerlles preguntas que lles axudarán a observar o tipo de vocabulario que poden empregar para comentar o funcionamento dos recursos que aparecen nesta actividade; como, por exemplo: **Repetides a información? Utilizades esa palabra ou esa expresión para suavizar a vosa intervención/para rexeitar o que dixo a outra persoa/para mostrar que estades enfadados/sorprendidos...?**

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos estudantes que van ver unha persoa, Iván, en cinco situacións distintas, nas que alguén lle di algo. Pídalles que, despois de observaren o contido das frases e os debuxos, digan en que contexto ou con quen cren que falou Iván en cada unha das situacións.

Déixelles uns minutos para que o fagan individualmente e logo proceda a unha posta en común.

Solución

1. *No traballo; co seu xefe.*
2. *Nunha tenda; co dependente.*
3. *Nunha consulta; co seu médico.*
4. *Na casa; co seu fillo.*
5. *Na casa; coa súa muller.*

B. Como neste ítem os estudantes teñen que realizar a actividade en dúas fases, suxerímoslles que poña a audición dúas veces. Primeiro, dígalles que van escoitar as respostas que Iván lles deu aos seus interlocutores e que, logo, deberán relacionar cada unha delas cunha

Temos que falar

das situacións que acaban de ver no ítem A. Coloque o audio e faga deseguida unha posta en común para que se aclaren as respostas.

Solución (resposta - situación)

1 - 2; 2 - 5; 3 - 1; 4 - 3; 5 - 4.

A continuación, explíquelles que escoitarán novamente as respostas de Iván e que desta vez se deberán fixar nos recursos que emprega en cada caso para mostrar desacordo. Poden facelo individualmente, pero permítalles que comparen as súas respostas en parellas antes da posta en común.

Solución

1. *Fai preguntas con como/que.*
2. *Repíte en forma de pregunta o que lle dixo o interlocutor.*
3. *Négao directamente.*
4. *Repíte en forma de pregunta o que dixo o interlocutor e négao.*
5. *Retoma parte do enunciado do interlocutor en forma de pregunta.*

Se lle parece oportuno, antes de que pasen á actividade C, remítaos ás epígrafes “Mostrar desacordo”, “Suavizar unha expresión de desacordo” e “Contraargumentar” da sección de gramática, na páxina 21.

C. Indíquelles aos seus alumnos que vai vostede enunciar algo e que deberán pensar nas diferentes maneiras para mostrar desacordo. Logo, dígalles: **Participades moi pouco na clase.** Explíquelles que cada un deberá contestar individualmente, sen repetir a resposta do compañeiro anterior. Coide para que o fagan coa debida entoación.



5. O XOGO DA VERDADE

Escoitar unha parella que contesta preguntas sobre a súa vida de casados e comparar as súas respostas.

ANTES DE COMEZAR

Faga que os seus alumnos formen grupos de tres ou de catro e pídalles que elaboren unha listaxe cos aspectos que, segundo eles, son necesarios para que unha relación de parella funcione. Unha vez que confeccionen a súa lista, deberán escoller os tres aspectos que consideran máis importantes. A continuación, recolla as propostas de todos os grupos no encerado e non as borre ata que finalice a actividade.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos estudantes que van escoitar unha parella que se atopa nunha festa. Explíquelles que Anxo e Olaia están xogando ao xogo da verdade e que contestan por separado unha serie de preguntas sobre a súa vida de casados. O traballo dos seus alumnos consistirá en tomar nota dos aspectos positivos e negativos que menciona cada membro da parella.

Solución

Aspectos positivos

Para Anxo: *Olaia é moi independente e moi forte; deciden todo entre os dous e fan moitas cousas xuntos (saír no barco, por exemplo); non lle importa que saia cos seus amigos; os dous fan cousas por separado tamén; gústalle todo de Olaia.*

Para Olaia: *Anxo é moi divertido e os dous rin moito xuntos. O mellor da súa vida común son as afeccións que comparten e o tempo que pasan xuntos facendo cousas: aos dous lles encanta o mar e saír navegar, por exemplo.*

Aspectos negativos

Para Anxo: *pasan demasiado tempo na casa; ás veces a el gustaríalle saír, pero quedan na casa para limpar e ordenar; Olaia é moi metódica e ordenada.*

Para Olaia: *Dálle pena que Anxo non siga estudando e moléstalle que sexa tan desordenado: deixa a roupa tirada por todas as partes, non atopa a camisa que quere, non sabe onde deixou a carteira...*

B. Agora, pídalles que comprobén se os aspectos aos que fan referencia os dous membros da parella figuran na listaxe que está no encerado e pregúntelles se pensan que Anxo e Olaia son un matrimonio feliz. Indíquelles que argumenten e que xustifiquen a súa resposta.

E DESPOIS

Distribúalles aos seus alumnos unha fotocopia da **ficha 3** e pídalles que a lean. Se son galegos, pregúntelles se están ou non de acordo coa información ofrecida e por que. Se son doutras procedencias, interésese por saber que semellanzas e diferenzas atopan na información do artigo en relación co seu lugar de orixe.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 95, exercicio 8.

Páxina 96, exercicio 10.

6. PERO QUE DIS!

Escoitar tres conversas e reflexionar sobre a importancia dos efectos da entoación.

PROCEDEMENTOS

A. Os seus alumnos van escoitar tres fragmentos de conversas nas que dúas persoas teñen unha discusión. Explíquelles que van oír dúas versións distintas de cada unha e pídalles que, a partir da entoación, marquen na

cela correspondente o grao de enfado que consideran que teñen os interlocutores en cada caso..

Solución

1. A. *Non moi enfadado.* / B. *Non moi enfadado.*
2. A. *Non moi enfadado.* / B. *Moi enfadado.*
3. A. *Non moi enfadado.* / B. *Moi enfadado.*

B. Agora, coméntelles aos estudantes que oírán unha serie de acusacións ou reproches. Explíquelles que vostede vai nomear un deles antes de cada intervención, como se se dirixise a el a dita acusación. O nomeado, pola súa banda, deberá reaccionar mostrando desacordo cos recursos que xa coñece.

Teña en conta que na gravación hai seis reproches. Se no seu grupo hai moitos estudantes e vostede quere que todos participen, poderá repetir a gravación o número de veces que sexan necesarias ou facer vostede as demais acusacións. Asemade, estea atento ás súas producións para que reaccionen empregando a expresión e a entoación adecuadas.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 93, exercicio 7.

7. XA CHEGA DE RUÍDO

Escribir queixas e comentalas cos compañeiros.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Leve á clase tres cartolinas de distintas cores, algúns rotuladores e cola tipo blu-tack, para que os estudantes poidan realizar a tarefa proposta na epígrafe C.

ANTES DE COMEZAR

Dígalles aos estudantes que estamosfartos.ga é un foro imaxinario de Internet no que as persoas poden deixar as súas queixas. Os creadores deste foro están tentando agrupar as queixas por temas para crear as seccións correspondentes. Fotocopie e reparta o contido da **ficha 4** e pídalles que, en grupos de tres, escriban as seccións correspondentes nas celas brancas. Pídalles, ademais, que pensen e propoñan outras que lles parezan axeitadas para un foro coma este.

Déalles tempo abondo para facelo e, ao remataren, realice unha posta en común e escriba os temas no encerado.

PROCEDIMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que agora serán eles os que terán a oportunidade de queixarse sobre os mesmos temas. Remítaos ao encerado que figura na actividade e lea con eles as subseccións de cada un dos puntos. Déalles uns minutos para que o pensen e, a continuación, pídalles que vaian ao encerado e que escriban as protestas que se lles ocorran. Cando volvan sentar, indíquelles que apunten no seu caderno todas as queixas que formuladas.

B. Unha vez que teñan recollidas todas as protestas do encerado, pídalles que as lean e que marquen aquelas coas que estean de acordo. Logo, anídeos a que comenten entre todos as queixas que non entenden ou as que lles sorprenden máis.

C. Dígalles aos seus alumnos que escollan as dúas ou as tres protestas que lles pareceron máis interesantes, ou coas que a maioría estea de acordo, e que as escriban en distintas cartolinas. Facílitelles as cartolinas, preferentemente de cores distintas, e tamén rotuladores. Logo, anídeos a que as colguen nas paredes da aula, en forma de carteis.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 95, exercicio 7.

Páxina 96, exercicios 9 e 11.

8. TRAJOS SUCIOS

Simular unha discusión de parella.

ANTES DE COMEZAR

Proporcionélles aos seus alumnos unha fotocopia do texto da **ficha 5** e dígalles que se trata dunha noticia extraída dunha revista do corazón. Pídalles que a lean e, a seguir, pregúntelles cal é o significado da expresión marcada en grosa, que lle dá título á actividade.

Se son galegos non terán problemas en dicilo, pero senón anídeos a que fagan hipóteses en parellas e a que imaxinen en que outros contextos se podería empregar a dita expresión. Escoite atentamente as súas respostas e, unha vez aclarado o significado, escriba no encerado a frase feita **Os traxos sucios lávanse na casa**. Deseguida, pídalle a algún voluntario que a explique e, de ser necesario, acláreo vostede.

PROCEDIMENTOS

A. Coméntelles aos estudantes que a parella formada por Samuel e Virxinia está pasando por unha crise motivada por algúns problemas. Pídalles que, en parellas, inventen e escriban os posibles conflitos que pode ter a parella nos ámbitos que se mencionan na actividade ou noutros que queiran suxerir.

B. Cando teñan seleccionados todos os problemas, dígalles que deberán elaborar unha conversa de parella sobre os temas que afectan a súa relación. Déalles uns minutos para que preparen as intervencións do diálogo e asegúrese de que esa preparación se limite a un esquema e non á elaboración dun diálogo completo.

C. Agora, indíquelles a cada parella que represente a súa conversa ante os compañeiros. Se o considera oportuno, ao remataren todas as escenificacións, pídalles aos estudantes que escollan a mellor representación ou os mellores “actores”.

Temos que falar

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, e se o ambiente no grupo llo permite, propóñalles aos seus alumnos a seguinte actividade como tarefa para a casa: teñen que escribir unha noticia sobre un compañeiro co seguinte titular: **Os trapos sucios de (nome do compañeiro)**. Para que haxa unha distribución proporcional e para que todos os alumnos participen, pódese facer un sorteo cos nomes dos estudantes, de xeito que haxa un texto referente a cada un deles.

Na seguinte clase, pídalles que lean os respectivos textos e, no caso de que dispoña de tempo, recóllaos ao final para corrixilos máis detidamente.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 94, exercicio 5.

Páxina 96, exercicio 11.



9. TODA UNHA VIDA

Falar de blogues e do perfil das persoas que os teñen. Facer hipóteses sobre os datos dunha blogueira e comprobalos nunha biografía.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra **blogue** e pregúntelles aos seus alumnos se saben do que se trata. Anímeos a que fagan hipóteses e, se observa que non son quen de definilo, dígalles que se trata dunha **páxina web na que se publican textos, historias ou artigos dun ou de varios autores, na que sempre aparece na pantalla a publicación máis recente. O blogue actualízase permanentemente e o autor conserva sempre a liberdade de deixar publicado o que considere pertinente.**

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos estudantes se participan ou se participan algunha vez nun blogue. Se alguén contesta afirmativamente, interésese por coñecer máis detalles sobre o blogue, como era a súa participación etc. Logo, pregúntelles que perfil cren que teñen as persoas que teñen un blogue e déixelles uns minutos para que o comenten en parellas. A continuación, faga unha posta en común e apunte no encerado as características que definen o perfil dun blogueiro, segundo a opinión dos seus alumnos.

B. Dígalles agora aos estudantes que van ler, individualmente, un anaco de información sobre a autora dun blogue. Cando rematen, pídalles que comenten cun compañeiro como a imaxinan, facendo

as hipóteses que queiran sobre a súa descrición (idade, ocupación, gustos e afeccións, méritos...). Recórdelles os datos escritos no encerado, por se os necesitan empregar.

Ao final, propóñalles outra vez unha posta en común, para pescudar se hai moitas coincidencias entre as varias descrições.

C. Agora, pídalles que lean a biografía de María Amelia López Soliño e que comprobén se as informacións coinciden con algunha das súas hipóteses. Poden facer inicialmente unha lectura individual, pero logo pídalles a tres voluntarios que lean, por quendas, cada un dos parágrafos do texto en voz alta.

A seguir, indíquelles que verifiquen se algún dato coincide cos das súas hipóteses e, despois de que o comenten, pregúntelles que información lles pareceu máis curiosa ou sorprendente na biografía da blogueira.

Para rematar, e como tarefa para a casa, anímeos a que procuren máis información sobre María Amelia López Soliño. Para iso, poderán consultar o bloque dela, no enderezo <http://amis95.blogspot.com/>, ou outras ligazóns de Internet. Na clase seguinte, convídeos a que compartan cos compañeiros os seus descubrimentos.

E DESPOIS

Se considera que pode ser unha práctica oral produtiva para os seus alumnos, promova un debate sobre o tema tratado nesta actividade do seguinte xeito: divida a clase en dous grupos e explíquelles aos estudantes que farán un breve debate, no que un grupo vai defender a existencia dos blogues e a participación dos adeptos, mentres que o outro vai estar en contra.

Para iso, deberán establecer previamente os respectivos argumentos e organizar as súas intervencións. Dígalles que tamén poderán tentar prever as posibles obxeccións do grupo contrario e adiantarse preparando as supostas respostas. Déalles tempo abondo para prepararse e, cando comece o debate, modéreo para que se respecten as quendas de palabras e ambos os grupos poidan participar por igual.